

ITIL4 Strategist: Direct, Plan and Improve

Descrición

O módulo ITIL® 4 Strategist: Direct, Plan & Improve está deseñado para calquera persoa que necesite alinear os obxectivos do seu equipo coa estratexia organizacional. Proporciona orientación sobre a integración da mellora continua na cultura organizacional. Axuda coa planificación do traballo, a mellora de produtos e a xestión do cambio.

Obxectivos

- Impulsar e xestionar un cambio organizacional efectivo.
- Fomentar unha cultura de mellora continua.
- Facilitar a toma de decisións.
- Apoiar a xestión do cambio.
- Minimizar a interrupción.
- Innovar sen deixar de cumprir.
- Prepararche para o exame de certificación ITIL® 4 Strategist: Direct, Plan & Improve.

Dirixido a

O curso está dirixido a profesionais de TI e líderes organizacionais que participan na definición de estratexias, planificación da mellora continua e xestión do cambio dentro dos servizos dixitais.

O perfil ideal inclúe responsables de procesos, xestores/as de servizos, xefes/as de proxecto, consultores/as e directores/as de TI que desexen alinear os obxectivos estratéxicos da organización coa entrega de valor mediante ITIL® 4.

Tamén é especialmente axeitado para profesionais que xa posúan a certificación ITIL® 4 Foundation e queiran avanzar cara a niveis superiores do marco, adquirindo competencias prácticas para dirixir, planificar e mellorar servizos e fluxos de traballo en contornos áxiles e de alta gobernanza.

Este curso é recomendable para quen lidera ou participa en equipos de mellora continua, oficinas de goberno TI (IT Governance), transformación dixital ou xestión da calidade, e desexa aplicar os principios de dirección, planificación, medición e mellora na práctica diaria da súa organización.

BENEFICIOS

Opción gratuita dun exame de certificación oficial

Diploma de asistencia

Perfil do docente

Instrutor acreditado por PeopleCert para a impartición do curso ITIL4 Strategist: Direct, Plan and Improve

PROGRAMA

Programación 2026/27

TIPO

CURSO

MATRÍCULA

Gratuíta

PERIODO INSCRICIÓN

01/12/2026 - 15/12/2026

PROBA DE SELECCIÓN

16/12/2026 (00:00)

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Proba técnica presencial no CNTG en Santiago de Compostela

Nº PRAZAS

16 (Mínimo 10)

METODOLOXÍA

Virtual

TIPO DE EDICIÓN

Edición única tarde (desempregados/as e ocupados/as)

DURACIÓN

20 horas

DATA INICIO

18/01/2027

DATA FIN

22/01/2027

HORARIO

De luns a venres de 16:30 a 20:30 horas.

LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
CERTIFICACIÓN OFICIAL	Sí
EXAME CERTIFICACIÓN	ITIL4 Strategist: Direct, Plan and Improve
MÓDULOS TRANSVERSAIS	Igualdade de 5 horas
TECNOLOXÍA	ITIL
PERIODO DOCENCIA	18/01/2027 - 22/01/2027

Temario

Módulo 1: Conceptos clave de dirixir, planificar e mellorar
Conceptos clave de dirixir, planificar e mellorar
Diferenzas entre conceptos clave
DPI e os conceptos de valor, resultado, custo e risco

Módulo 2: Ámbito de control e métodos en dirección e planificación
Obxectivos e requisitos en cascada
Definición de políticas, controis e directrices
Establecer a autoridade para a toma de decisións

Módulo 3: O papel do goberno, risco e cumprimento (GRC)
Risco e xestión de risco en DPI
Impacto do goberno sobre DPI

Módulo 4: Mellora continua
Usar o modelo de mellora continua no SVS
Obxectivos, requisitos, saídas e criterios das avaliacións
Métodos de avaliación
Definir e priorizar resultados
Construír, xustificar e defender un caso de negocio
Revisións de mellora e leccións aprendidas
A mellora continua ao SVS

Módulo 5: Comunicación e cambio organizacional (OCM)
Natureza, ámbito e beneficios da xestión de cambio organizacional
Principios e métodos de comunicación e OCM

Interfaces efectivas na cadea de valor do servizo

Módulo 6: Métodos de medición e informes á dirección
Definición de indicadores e métrica para o apoio ao obxectivos

Módulo 7. Dirixir, planificar e mellorar fluxos de valor e prácticas
Diferenzas entre fluxos de valor e prácticas, e o seu impacto en DPI
Métodos e técnicas para dirixir, planificar e mellorar fluxos de valor e prácticas